



Nada e residente en Marín, **Lara Dopazo** Ruibal (1985), formouse como xornalista na Universidade de Santiago de Compostela e especializouse máis tarde en Cooperación Internacional e Desenvolvemento (UPV/EHU) e en Filosofía Práctica (UNED). Viviu en diferentes cidades de dentro e fóra de Galicia e adoita traballar no eido da comunicación e do social.

O seu primeiro libro, dende *illa peixe*, obtivo o premio GzCrea no ano 2008, e nel está baseada a curtametraxe *illa pedra* da cineasta Adriana Páramo. Sete anos máis tarde, o libro *ovella* obtería o premio Francisco Añón. Nese mesmo 2015 Dopazo recibe o premio Nortear polo relato *Clementina*; e no ano 2017 o Fiz Vergara Vilariño polo libro *claus e o alacrán*, publicado por Espiral Maior no ano 2018.

É tamén autora da plaquette *Os lobos na casa de Esaú* (Chan da Pólvora, 2017) e coautora e coeditora do ensaio colectivo experimental *A través das marxes: Entrelazando feminismos, ruralidades e comúns* (Bartlebooth, 2018). Textos seus fan parte de diferentes publicacións colectivas e antoloxías de poesía galega.

Nome clave das letras mozas na nosa lingua, no ano 2018/2019 converteuse na primeira escritora en galego becada como residente na Real Academia de España en Roma.

*no tronso dos corpos renuncio
ao tronso dos corpos
á carne descoñecida e ao seu valor.
renuncio ao mercado e ao ouro
á miña pel aínda tersa*

*porque estou viva. é abril
e os días succédense sen saber
a que estación corresponden*

*renuncio aos días só
se podo quedar co tempo
co tempo que hai despois dos corpos
despois da noite que nunca precede ao día*

*renuncio a todo se podo quedar con iso
co tempo da noite que nunca precede ao día*

←
(LARA
DOPAZO)

Luns 07 de outubro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es



Poetas Di(n)versos ²⁰¹⁹

Manal Al-Sheikh



CORUÑA
PRÓXIMA



A escritora e poeta iraquí **Manal Al-Sheikh** naceu na cidade norteña de Nínive en xaneiro de 1971. Ten un Grao en Tradución –do inglés ao árabe– pola Facultade de Artes da Universidade de Mosul. Ten traballado na prensa local e árabe como xornalista freelance, e publicado artigos e textos de natureza creativa e literaria nunha chea de revistas e xornais iraquís, árabes e europeos, ademais de participar en multitude de festivais internacionais de literatura por Europa, Estados Unidos, Norte de África e Latinoamérica. Tras o impacto da Guerra, a que é un dos nomes máis recoñecidos da poesía iraquí contemporánea vive hoxe refuxiada en Stavanger (Noruega).

O seu debut literario foi en chave narrativa, cando en 1996 a Unión de Autores Iraquí Nínive publicou *Alteración das tumbas*, unha novela á que en 2010 seguiría *As portas da noite de Antioquía*, editado en Damasco. Ese mesmo ano no que por última vez publicou prosas comezou a súa andaina poética. Fíxoo á vez con *Cartas imposibles*, que viu a luz en Ammán, e con *Cun punto vermello baixo o ollo esquerdo*, que faría o propio en Beirut. Dende Bagdad en 2013 chega *Antes de que morra o mar. Poemas escollidos* e, en 2015, *Gralla – Arquivo amoroso* (Athar, KSA). Para alén disto, os seus poemas e ensaios foron traducidos a varias linguas que inclúen o inglés, o francés, o noruegués, o sueco, o romanés, o macedonio, o italiano, o catalán e o castelán.

AS FLORES NON MEDRAN NO MEU NOME

Non me importa onde me enterrarán cando morra.

En Iraq as flores non medran

e aquí...

Ningún viaxeiro perdido

deixará unha flor sobre un nome

que ti xa non pronuncias.



(MANAL AL-SHEIKH)

Luns **07** de outubro

20:30

ÁGORA

www.centroagora.es



Poetas Di(n)versos ²⁰¹⁹

Lara Dopazo



CORUÑA
PRÓXIMA